



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUROS

Bases reguladoras que rexerán a convocatoria do procedemento selectivo de dúas prazas de axente de policía local como funcionario de carreira incluída na OPE do Concello de Muros do ano 2024

ANUNCIO

Comuníquase que por Resolución da Alcaldía número 858/2025 de 26 de setembro, aprobouse a convocatoria e as bases que rexeran a convocatoria do procedemento selectivo de funcionario de carreira correspondente a dúas prazas de axentes de policía Local, incluída na oferta de emprego público do ano 2024 do Concello de Muros publicado no BOP número 248 do 26 de decembro de 2024, e que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO A DÚAS PRAZAS DE AXENTE DE POLICÍA LOCAL, POLO SISTEMA DE SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é o acceso por oposición libre de dúas prazas de funcionario do corpo da Policía Local, escala básica, categoría de Axente de policía Local, subgrupo C1.

Estes procesos rexeranse polo establecido nestas bases e para o non previsto estarase ao disposto en:

- a) A Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- b) O Decreto 15/2023, de 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- c) O Decreto 115/2017, de 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos da Policía Local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local, no non modificado na disposición final primeira do Decreto 15/2023.
- d) A Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade dos corpos de policía locais para a integración dos vixiantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixiantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada, que manterá a súa vixencia nas materias que non se opoñan ao disposto no Decreto 15/2023, citado no apartado anterior.

As retribucións serán as previstas no Orzamento Xeral desta Corporación para 2024, prorrogado para o ano 2025 en relación co devandito posto de traballo.

Sistema de provisión: Oposición libre.

SEGUNDA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para formar parte deste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes os requisitos enumerados neste artigo na data da presentación da solicitude, e deberanse manter ata que finalice o proceso:

1. Ter nacionalidade española.
2. Cumprir o dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade de xubilación forzosa.
3. Estar en posesión da titulación académica de bacharel ou técnico. Así mesmo, estarase ao establecido na Orde EDU/1603/2009, de 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedigna a súa homologación ou a credencial de recoñecemento do título a efectos profesionais.
4. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
5. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou

especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario de que a persoa fose separada ou inhabilitada.

6. Carecer de antecedentes penais por delito doloso.
7. Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B.
8. Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos, que presentará en forma de declaración xurada ou segundo o modelo que se esixa na convocatoria.

i) Presentación dun informe de saúde, asinado por persoal facultativo, en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas para realizar os exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, que non excluíra as comprobacións posteriores do que se reflicta no devandito informe. Este informe de saúde debe ser expedido dentro dos 15 días inmediatamente anteriores á data de realización da primeira proba de aptitude física.

Os requisitos enumerados neste artigo, deberán acreditarse na data da presentación da solicitude, dentro do prazo fixado nesta convocatoria, e deberanse manter ata que finalice o proceso.

Esta convocatoria e as súas bases nos termos do art. 32.3 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como un anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, en que aparecerá, en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes.

TERCEIRA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para formar parte do proceso selectivo presentaranse preferentemente pola sede electrónica do Concello de Muros (sede.muros.gal) utilizando o Anexo de solicitude publicado no sede electrónica do Concello de Muros (<https://sede.muros.gal/sxc/export/sites/muros/recursos/downloads/Varios/ANEXO-II-SOLICITUDE-EMPREGO-SEN-MERITOS.pdf>) e que tamén estará á disposición das persoas interesadas na web municipal <http://www.muros.gal>, no Rexistro xeral do Concello. O prazo para a presentación de solicitudes rematará aos 20 días hábiles a contar dende o día seguinte da publicación da convocatoria no BOE.

Igualmente, estas solicitudes tamén poderán presentarse no rexistro xeral do Concello, (en horario de 9.00 a 14.00 h), ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto coa solicitude, (Anexo II), as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación.
- b) Copia do documento que acredite a titulación requirida como requisito para acceder ao proceso selectivo.
- c) Certificado de inexistencia de antecedentes penais.
- d) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidos, que presentará en forma de declaración xurada
- e) De ser o caso, copia simple do certificado que acredite ter obtido o certificado de aptitude do curso de lingua galega ou CELGA 4.
- f) Copia do carné de conducir tipo A2 e B.

Coa presentación da solicitude para formar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

As probas selectivas faranse en lingua galega e distribuiranse por defecto nesta lingua a todas as persoas candidatas, sen prexuízo de que os/as aspirantes poidan realizar os seus exercicios en castelán. Neste caso, as persoas que queiran copia das probas en castelán solicitarano expresamente no apartado existente para tal efecto no Anexo II (modelo de solicitude), de conformidade co establecido na Ordenanza para o impulso da lingua galega no concello de Muros o (BOP núm. 79 do 27/04/2016). Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, a persoa aspirante non poderá modificala.

CUARTA. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

Finalizado o prazo dos 20 días hábiles fixados para presentar as solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, especificando, no seu caso, os motivos de exclusión, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas na relación de admitidos ou excluídos, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión.

As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non emendasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas do proceso selectivo. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase a definitiva.

No prazo máximo de 30 días dende o remate do prazo de presentación de alegacións a lista provisional aprobarase a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste Concello, para maior difusión.

Nesta mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que deberá realizarse o primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo. O chamamento para posteriores exercicios farase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros. Igualmente, na mesma resolución, farase constar a designación nominal do Tribunal e a data da súa constitución.

Contra a resolución na que se declare a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Entre a publicación desta lista definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán polo menos 10 naturais.

QUINTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade e profesionalidade e paridade entre homes e mulleres, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e 59 da Lei do emprego público de Galicia), estará conformado por unha Presidencia, unha Secretaría e tres Vogalías pertencentes a un corpo, escala ou categoría profesional en que se requira para o seu ingreso a titulación de bacharelato, técnico ou superior.

Sen prexuízo das competencias de ordenación material e temporal propias do Concello de Muros, correspóndenlle ao tribunal a determinación concreta do contido das probas, a cualificación das persoas aspirantes, a emisión de cantos informes lle sexan requiridos derivados da súa intervención no proceso selectivo, así como, en xeral, a adopción de cantas medidas sexan precisas en prol do correcto desenvolvemento das probas selectivas e da resolución de incidencias.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar en todo caso a presidencia e a secretaria.

Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarano á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas, ao efecto, na normativa reguladora de réxime xurídico das administracións públicas.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias referidas nos termos establecidos no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A persoa titular do órgano que nomee o tribunal publicará no BOP a resolución correspondente pola cal se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas no punto base anterior.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (obtido, no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte das asesorías que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación e/ou traballos propios, de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos.

A persoa titular da Presidencia deberalles solicitar aos membros do tribunal e, de ser o caso, ao persoal asesor e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos unha declaración expresa de non estaren incurso en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles a partir da publicación do nomeamento do tribunal no BOP e sempre antes dos 5 días hábiles da realización do primeiro exercicio. Na devandita sesión o tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

A partir da sesión de constitución para a válida constitución do órgano, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia, presencial ou a distancias das persoas titulares da Presidencia e da Secretaría ou, de ser o caso, daquelas que a supla, e a metade, polo menos, dos seus membros.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo (e normativa concordante e/ou substitutiva).

Mediante acordo dos seus membros, o tribunal poderá decidir a autoconvocatoria para a seguinte ou seguintes sesións que teñan lugar, sen necesidade de citación por escrito. Das sesións realizadas polo tribunal redactarase a acta correspondente, que será asinada, como mínimo polo/a secretario/a co visto e prace do/da presidente/a.

Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal ten coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos nesta convocatoria, comunicarllo ao Concello de muros para que esta requíralle os documentos acreditativos do seu cumprimento.

O procedemento de actuación do tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, e ao resto do ordenamento xurídico.

SEXTA. PROCEDEMENTO SELECTIVO

6.1. Desenvolvemento das probas

O procedemento de selección será o de oposición por quenda libre e posteriormente as persoas que superen este proceso selectivo serán nomeadas funcionarias en prácticas no Concello de Muros.

A orde de actuación das persoas aspirantes será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra F, conforme ao establecido na Resolución de 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16, de 24 de xaneiro).

O tribunal, unha vez finalizado o primeiro exercicio, establecerá por orde decrecente de puntuación o número de aspirantes que deberán desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas se resulta necesario.

As persoas aspirantes deberanse presentar a cada exercicio provistas de DNI ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo tribunal coa finalidade de acreditar a súa identidade.

O chamamento para cada exercicio será único, na data e na hora indicadas, sen posibilidade de adiamento, de maneira que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal, e os amparados nun precepto legal, como o suposto que se describe a continuación.

As aspirantes que, polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, prevean a posibilidade de coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo, poderán polo en coñecemento do tribunal e achegarán coa comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro dos dous días seguintes ao anuncio da data do exame e o tribunal determinará, en base á información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un adiamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente.

Así mesmo, poderase aprazar por un tempo de ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles corresponda efectuar, prazo que podería prorrogarse como máximo outro seis meses en caso xustificadas, acreditado mediante o correspondente certificado médico. Este adiamento das probas físicas non afectará por si só o resto das probas para os demais participantes.

Para o caso de que a puntuación final das persoas que se acolleron ao dereito de aprazamento non poida superar a puntuación final do resto das persoas que participan no proceso selectivo, a estas daráselle por non superado o proceso selectivo sen que sexa necesario esperar á realización da totalidade das probas por parte das persoas que se acolleron ao dereito de aprazamento.

Independentemente do anterior, a aspirante poderá renunciar á realización das demais probas físicas e, en consecuencia, á súa participación no proceso selectivo, con reserva do posto alcanzado na proba de coñecementos para o seguinte proceso selectivo que se convoque.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimarán como circunstancias negativas a efectos do proceso selectivo calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. A solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas médicas realícense en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, ouvida a afectada, unha nova data para a súa realización.

Durante o tempo fixado para a realización das probas non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparellos de telefonía móbil, reloxos ou soportes con memoria; queda prohibido o acceso ao recinto con tales dispositivos e constitúe causa de inadmisión ao chamamento a simple tenencia destes.

Se o tribunal, de oficio ou en base ás reclamacións que as persoas interesadas poden presentar, anular algunha ou algunhas preguntas incluídas na proba de coñecementos, anunciarao no taboleiro da sede electrónica do Concello de Muros. Neste suposto serán tidas en conta as cuestións de reserva, que terán unha puntuación igual ás do resto do exercicio.

6.2. Fase de oposición

A oposición constará de cinco probas eliminatorias, de modo que non poderán pasar á seguinte as persoas aspirantes que non alcancen a cualificación mínima establecida para cada unha delas. A orde no que se deberán desenvolver é o seguinte:

1. Probas de avaliación dos coñecementos.
2. Proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, só para aquelas persoas que non puideron acreditálo documentalmentemente, e que se realizará xunto coa proba anterior.
3. Probas de aptitude física.
4. Probas psicotécnicas.
5. Recoñecemento médico.

As persoas aspirantes poderán efectuar alegacións ás súas cualificacións en cada proba ou fase do proceso selectivo. A estes efectos, concederáse un prazo de 5 días, que se contarán desde a publicación do acordo do tribunal pola cal se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

Facúltase ao tribunal cualificador, unha vez finalizada a proba de coñecementos, para establecer por orde decrecente de puntuación as persoas aspirantes que deban desenvolver o resto das probas, por quendas consecutivas se resulta necesario, cuxo número non será inferior en todo caso ao dobre das prazas convocadas:

a) Primeiro exercicio (proba de avaliación dos coñecementos):

Nesta proba as persoas aspirantes deberán demostrar a súa preparación intelectual e o seu dominio dos contidos da totalidade do temario que figura no anexo I.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha. As persoas aspirantes disporán dun tempo máximo de 2 horas para a súa realización.

A proba cualificará o tribunal de 0 a 10 puntos e será preciso alcanzar cinco puntos, como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: $N=(A-F/3)/10$, sendo N=nota final da proba; A=preguntas acertadas; F=preguntas falladas ou non contestadas.

Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario que no momento da publicación desta orde contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o tribunal establecerá e informará as persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nestas bases.

O tribunal excluírá, aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten á cualificación e á valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para alcanzar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberánse adoptar sen coñecer a identidade das persoas aspirantes a que corresponden os resultados obtidos.

O tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que esta proba sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes poderán levar a copia das súas respostas. No prazo das 24 horas seguintes publicaráse o cadro de respostas correctas na páxina web do Concello de Muros. As persoas aspirantes poderán levar copia do exercicio

b) Segundo exercicio (proba de coñecemento da lingua galega):

Unicamente obrigatorio para as persoas aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a base 3.d) (CELGA 4 ou equivalente). O Servizo de Normalización Lingüística municipal asesorará ao tribunal e colaborará na confección e corrección da correspondente proba.

Esta proba cualificará á persoa aspirante como apta ou non apta. Consistirá nunha redacción en galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario, dun documento administrativo relacionado coas funcións do posto de traballo. De seguido cada aspirante realizará unha proba oral dun máximo de 10 minutos. Correspóndelle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de “apto/a”, e quedan eliminados/as do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación. Estas probas serán acordes ás características funcionais da vacante convocada, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 4. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da súa realización

c) Terceiro exercicio (proba de aptitude física):

Nestas probas as persoas aspirantes deberán demostrar as súas capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade para as funcións que teñen que desempeñar. As probas físicas terán a cualificación de apto/a ou non apto/a. Para obter a cualificación de apto/a as persoas aspirantes deberán alcanzar as marcas mínimas ou non superar as máximas que se estableceron para cada proba.

Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

As persoas aspirantes deberán presentar no rexistro do concello un informe médico en que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifiquen na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicta no certificado médico.

Este informe médico deberá ser expedido dentro do 15 días inmediatamente anteriores ao da data de realización da primeira proba de aptitude física, de acordo co previsto no punto 2,1) destas bases. A non presentación do devandito documento suporá a exclusión da persoa aspirante do proceso.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, excepto as de velocidade, resistencia xeral e natación, que se poderán facer de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto/a.

O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberase realizar en lugares adecuados ao tipo de proba que se vai a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada persoa opositora.

As persoas aspirantes deberanse presentar á realización das probas coa roupa e co calzado que consideren adecuados. Para a proba de natación, as persoas aspirantes utilizarán traxes de baño (que traerán elas mesmas) do modelo que desexen. Queda prohibida a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou o incremento da velocidade de calquera tipo.

1ª Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realizarase nunha zona totalmente chaira de terreo compacto. A persoa aspirante colocarse na pista no lugar sinalado e poderá realizar a saída de pé ou agachada, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 7.40”

Mulleres: 8.20”

2ª Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos

Realizarase nunha pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo compacto. A persoa aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé. Será eliminada a persoa corredora que abandone a pista durante a carreira. As marcas máximas (en minutos e segundos) exixidas para a superación da proba son:

Homes: 3’30”

Mulleres: 4’10”

3ª Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase nun ximnasio ou nun campo de deportes, con chan horizontal e coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

A persoa aspirante colocárase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pés separados, paralelos entre si e á mesma altura (realizárase o salto desde a posición de parada). Realizará un salto horizontal e caerá cos dous pés ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña. As marcas mínimas exixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm

Mulleres: 185 cm

